



PROGRAMA DE PREVENCIÓN DO CONSUMO DE DROGAS EN CLAVE DE XÉNERO

XUSTIFICACIÓN:

A Extratexia europea en materia de loita contra as drogas 2005-2012 e o seu Plan de Acción 2005-2008, salientan a necesidade de poñer máis atención ás cuestións específicas do xénero, centrándose particularmente nas necesidades da muller. En Europa o consumo de drogas é aínda superior entre os homes, no obstante, recentes estudos reflicten que a muller está adoptando os mesmos patróns de consumo que o home, especialmente no caso das adolescentes e as mozas, aínda que con diferentes historias de uso e abuso influídas por factores sociais, psicolóxicos e persoais. Por este motivo se enfatiza na necesidade de que se teña presente o xénero na planificación e deseño das investigacións e das intervencións preventivas. Aínda que dende hai algúns anos se puxeron en marcha algunhas accións preventivas e asistenciais que teñen en consideración a perspectiva de xénero, son moitas as carencias existentes nesta materia, o que xustifica a decisión de poñer en marcha un programa específico dende o que brindarlles unha resposta estruturada.

OBXECTIVOS:

- Reducir prevalencias dos consumos de alcohol, tabaco e outras drogas entre as mulleres.
- Mellorar a información e os coñecementos das mulleres galegas sobre as diferentes drogas, os seus efectos e riscos.
- Mellorar as intervencións asistenciais coas mulleres afectadas por problemas derivados do consumo de drogas, facilitando a súa accesibilidade a servizos que teñan en consideración a perspectiva de xénero.

DESTINATARIOS:

Mulleres.

METODOLOXÍA:

O programa lévase a cabo en forma de obradoiro, a través de sesións grupais con mulleres. Ademáis farase entrega da guía "Xénero e drogas".

DURACIÓN:

12 Horas, repartidas ao longo de 4 sesións.

CONTIDOS:

- Definición e conceptos claves:
 - Prevención.
 - Xénero.
 - Drogas.
- Xénero e saúde.
- As drogas e as consecuencias do seu consumo habitual ou abusivo.
- Consumo de drogas e xénero.
- Impacto diferencial das drogas en homes e mulleres.
- Drogas e sexualidade.
- Motivacións e factores asociados ao consumo de drogas en mulleres.
- Drogas e violencia de xénero.
- A prevención do consumo de drogas en mulleres.